



## MEMORIA DECLARACIÓN

Artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 do xaneiro, de transparencia e bo goberno.

### **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA OS ANOS 2022-2023, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL, FUNDACIÓN MENIÑOS E A ASOCIACIÓN ARELA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR” NAS COMARCAS DO BARBANZA E O SALNÉS.**

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica,

#### **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ten previsto formalizar coa Fundación Meniños e a Asociación Arela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de inicio de vixencia do convenio ata o 31 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O establecemento dun marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños e a Asociación Arela para que a preservación familiar como unha medida de protección dirixida a cubrir as necesidades básicas do menor e mellorar a súa contorna familiar, educativa, hixiénico sanitaria, nunhas condicións que permitan o seu desenvolvemento integral, mantendo ao menor na súa propia familia e reciban apoio terapéutico e educativo coa finalidade de evitar situación de desprotección grave que deriven na súa entrada no sistema de protección, evitando a separación do neno, nena ou adolescente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

O programa de preservación familiar levarase a cabo seguindo os seguintes eixos de actuación:

- Intervención psicosocial
- Orientación vocacional para a inserción social e laboral
- Asesoramento para a promoción de hábitos de vida saudables
- Educación familiar
- Intervención terapéutica
- Asesoramento técnico aos servizos sociais comunitarios na atención aos nenos, nenas e adolescentes e ás súas familias

Por outra banda, a Fundación Meniños e a Asociación Arela tamén se comprometen a realización das seguintes fases e fitos para este proxecto:

Trimestre 1: Procura e acondicionamento de locais. Selección e contratación de equipo profesional. Deseño de procedementos e ferramentas de intervención. Difusión do servizo a axentes relevantes e derivantes. Deseño da avaliación do servizo.





Trimestre 2: Finalización de acondicionamento de locais e posta ao dispor do servizo. Apertura do servizo mediante recepción de derivacións. Valoración de casos e alta de primeiros casos no servizo. Inicio da intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Inicio do traballo de campo de avaliación.

Trimestre 3: Recepción de derivacións. Valoración de casos e altas ata cubrir o número de prazas. Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Desenvolvemento de traballo de campo da avaliación.

Trimestres 4 e 5: Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Desenvolvemento de traballo de campo da avaliación. Se se desen baixas terapéuticas ou outras no servizo, novas altas en lista de espera ou por recepción de derivacións.

Trimestre 6: Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Desenvolvemento de traballo de campo da avaliación. Elaboración de informe intermedio de avaliación.

Trimestre 7: Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Finalización de traballo de campo da avaliación. Informe intermedio de avaliación.

Trimestre 8: Intervención con nenos, nenas e adolescentes e familias. Elaboración e presentación de informe final de avaliación.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e a Fundación Meniños e a Asociación Arela, comprometidas institucionalmente coa xuventude, consideran prioritario potenciar este tipo de actuacións e están interesados en cooperar na execución de programas directamente ligados coa consecución da autonomía e emancipación para nenos, nenas e adolescentes en situación de desprotección leve, a través de programas de preservación familiar nos que se perseguen os seguintes obxectivos:

- Lograr o mantemento da unidade familiar
- Finalizar a situación de desprotección
- Reparar as secuelas provocadas pola desprotección
- Incrementar a competencia familiar
- Mellorar a integración e a relación da familia co contexto comunitario onde se insire
- Aumentar a funcionalidade do sistema familiar para o futuro
- Promover ás propias familias e aos seus membros
- Potenciar a vinculación afectiva
- Atender ás necesidades específicas dos nenos, nenas e adolescentes
- Garantir a satisfacción das necesidades básicas dos nenos, nenas e adolescentes no entorno familiar
- Dotar aos nenos, nenas e adolescentes de recursos persoais
- Protexer e promover o desenvolvemento integral dos nenos, nenas e adolescentes





O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.

A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer a proxectos como o que se describe. Cómpre salientar que non existe na actualidade un servizo de características similares en Galicia que ofrezca atención temperá integral a persoas menores de idade e as súas familias co fin de levar a cabo todas aquelas accións para manter ao menor no fogar cando os responsables do seu coidado, atención e educación, por diversas circunstancias, fan abandono das súas funcións parentais ou fan un uso inadecuado delas, comprometendo ou prexudicando o desenvolvemento persoal e social do neno, pero sen alcanzar a gravidade que xustifique unha medida de separación do menor da súa familia.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscripción de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

A execución material do programa que se desenvolve no clausulado e anexo deste convenio materialízase anualmente e durante dúas anualidades, ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa Fundación Meniños e a Asociación Arela, as cales achegarán ao programa a súa experiencia e acreditación no traballo de intervención familiar especializada e intervención terapéutica con familias vulnerables así como a súa experiencia e acreditación no traballo socio educativo e orientación con menos, nenas e adolescentes.

A Fundación Meniños e a Asociación Arela son dúas entidades especializadas que traballan desde hai máis de 20 anos na protección da infancia e a adolescencia en Galicia. Contan cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento do programa, ademais dunha acreditada experiencia contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos. Contan co apoio e a colaboración dos equipos de Servizos Sociais comunitarios de Boiro, Ribeira, A Pobra do Caramiñal e Vilagarcía.

Considérase polo tanto idóneas as Fundación Meniños e a Asociación Arela pola súa experiencia no ámbito da atención aos nenos, nenas e adolescentes a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de programas e servizos no ámbito da prevención e a protección da infancia, a adolescencia e as súas familias.

Ambas entidades teñen obxectivos comúns e/ou complementarios nas áreas de intervención coas nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección leve e están convencidas do interese de unir e coordinar esforzos e recursos para a para súa consecución.





O convenio de colaboración terá data de vixencia dende a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2023 e efectos dende o 1 de xaneiro de 2022 abrangendo as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde a antedita data podendo prorrogarse por acordo expreso das partes por anos naturais sucesivos, ata completar no seu caso unha vixencia máxima de 4 anos.

O custo deste convenio imputarase como anticipado de gastos de acordo coa Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de gastos, con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.01, na que se prevé que exista crédito axeitado e suficiente para a súa execución, de acordo co proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2022 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de data 18 de outubro de 2021.

A Consellería de Política Social aboará á Fundación Meniños e a Asociación Arela para a execución deste convenio 1.350.000,00 €, na aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.01 dentro do marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia e coa seguinte. Desagregación por anualidades:

Ano 2022	Ano 2023
675.000,00 €	675.000,00 €

A sinatura deste convenio require de autorización previa do Consello da Xunta.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo José Rey Sastre

*DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE*

